

Servizos sociais de calidade e máis dun millón de euros en obras, eixos do Orzamento 2026

Medra a inversión en conciliación, educación, cultura, deporte e subvencións a entidades sociais

O Concello de Boqueixón vén de aprobar os seus Orzamentos para 2026, que ascenden a 5.102.434 euros, o que supón un incremento do 5,62% con respecto ao ano anterior. Unhas contas elaboradas para “garantir a prestación duns servizos públicos de calidade baixo os principios de eficacia, eficiencia e prudencia financeira”, explica o concelleiro de Economía e Facenda, José Manuel Iglesias. Uns orzamentos equilibrados, onde cada euro de gasto está respaldado por un ingreso verificado e que teñen como eixos fundamentais a mellora dos servizos sociais e o incremento das inversións.

Mellora dos servizos

Neste sentido, o Concello destina case 1 millón de euros a servizos sociais e conciliación. Así, o Servizo de Axuda no Fogar supón un investimento total de 911.550 euros, onde o Concello fai unha achega anual de máis de 250.000 euros para cubrir a totalidade do custo do servizo. Neste sentido, compre destacar que



Servizo de comedor no programa de conciliación Verán Activo

a aportación da Xunta de Galicia para este ano 2026 medra dos 12 aos 16 euros por hora (ver páxina 7).

Ademais, o Concello destina outros 60.000 euros para actividades de conciliación como Madrugadores, Tardes educativas e de lecer, Nadal Activo, Entroido Activo, Semana Activa e Verán Activo, o que pon de manifesto a aposta do Equipo de Goberno polas actividades de conciliación familiar.

Así mesmo, en 2026 medrarán un 28,3% as subvencións para as distintas entidades e asociacións do municipio que desenvolvan

actividades de tipo cultural, social, deportivo... Finalmente, as contas tamén contemplan outros 288.000 euros para actividades culturais e, deportivas, para voluntariado e mocidade, para cursos de inglés e promoción turística.

Inversión en obras

No capítulo de obras contéplase uns investimentos de 636.252 euros, se ben “este importe vai superar amplamente o millón de euros ao final do exercicio xa que nestes orzamentos van incluídas partidas para cofinanciar outras inversións asociadas a convenios

e convocatorias de axudas de administracións como a Xunta de Galicia”, puntualiza Iglesias Gómez.

Así, aos máis de 251.000 euros do POS 2026 (ver páxina 3), hai que engadir outras actuacións como a mellora dun viario en Sucira, un plan municipal de inversión para melloras nos locais sociais das parroquias, a mellora enerxética da casa consistorial ou a compra dunha rozadoira autopropulsada para manter as cunetas das pistas no mellor estado, entre outras. Un labor para o que se reservan outros 45.000 euros para desenvolver a campaña especial de roza do verán.

O concelleiro de Economía salienta que “a boa execución económico financeira levada a cabo por este equipo de Goberno e polos seus predecesores permite que Boqueixón manteña unha situación financeira saneada, o que nos permite seguir ofrecendo servizos e afrontando importantes inversións co obxectivo de ofrecer unhas mellores condicións de vida aos nosos veciños e veciñas”.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

02 mar / 15 mar

BOQUEIXÓN

Campo da festa

16 mar / 29 mar

CODESO - DONAS

Campo da festa

30 mar / 19 abr

OURAL - POUSADA - SUCIRA

Casa da Cultura



A Casa da Cultura acolle unha charla sobre autonomía e benestar

A Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o próximo venres 13 de marzo, ás 18:00 h, unha xornada sobre autonomía e benestar denominadas *"Moverse, decidir e coidarse"*. Unha charla organizada por Aloumiños, atención integral de coidados e Ventura Mundi, aberta a toda a veciñanza na que se compartirán ideas, experiencia e propostas prácticas para aplicar no día a día das persoas maiores. Rematarase cunha merenda. Inscripcións en alouminos.saude@gmail.com ou no 649 761 924.

A solicitude de praza na EIM Raíña Lupa está aberta ata o 31 de marzo

O Concello de Boqueixón informa de que o prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovacións para o Curso 2026/2027 na EIM Raíña Lupa de Boqueixón estará aberto ata 31 de marzo do 2026. Unha convocatoria dirixida a nenos e nenas que teñan cumprido os tres meses na data de ingreso e non cumpriran os tres anos a 31/12/2026.

A folla de solicitude está dispoñible na web municipal (boqueixon.gal), que deberá presentarse xunto á documentación xustificativa da situación familiar (libro de familia, DNI, título de familia numerosa...) e da situación económica e laboral (última nómina ou recibo



A folla de solicitude está dispoñible na web municipal www.boqueixon.gal

de pago da cota da Seguridade Social, declaración da Renda...) e outros documentos susceptibles de puntuación (certificación do INEM, informe de servizos sociais, certificados médicos...).

A documentación deberá presentarse persoalmente a través do Rexistro Xeral do Concello (solicitar cita previa no teléfono 981 513 106) ou a través da sede electrónica (sede@boqueixon.com).

A Panorama abrirá temporada en Codeso

O local social de Codeso acolleu unha espectacular xornada do CocidoFest, con xogos, disfraces e moita e boa música. Unha xornada de confraternidade durante a cal a comisión de festas aproveitou para realizar un gran anuncio: a orquestra Panorama realizará a súa primeira actuación en Galicia este ano durante a cuarta edición do CODEfest, que terá lugar en Codeso o mércores 1 de abril. Unha actuación na que a coñecida formación estará acompañada por Discoteca Pirámide XL e o DJ Marcos Kintana. A maiores, haberá servizo de pulpería e accesos de balde.



A comisión de festas anunciou no CocidoFest que a orquestra Panorama actuará o mércores 1 de abril en Codeso

Deste xeito, e en tan só catro anos de existencia, a Comisión de Festas do CODEfest foi quen de xuntar nunha festa dunha parro-

quia de apenas 300 habitantes ás mellores orquestras de Galicia: París de Noia, Olympus (por dous anos) e agora Panorama, que ade-

mais actuaron canda grupos de renome como Unión y Fuerza ou Finisterre. Parabéns aos integrantes da comisión de festas.



O Concello axiliza as obras do POS 2026 e aposta polo microaglomerado

Destina máis de 420.000 euros a gastos da recollida do lixo e alumeado

O Pleno de Boqueixón aprobou por unanimidade a proposta da Alcaldía para o POS 2026, que ascende a 612.385€. Desta cantidade, 422.677€ destinaranse a financiar gastos como a recollida do lixo e alumeado público. O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “así liberamos partidas como os 140.000€ que destinaremos a obras con fondos propios e que non requiren de tantos trámites administrativos como o Plan Único, como demostra que as obras de 2025 aínda se van executar ben entrado 2026”.

Así, este ano destinaranse 251.000 euros do POS a obras, “que se farán na súa maioría en microaglomerado, salvo aquelas pistas que vaian a zonas moi agrarias. Ten un custo maior co dobre riego pero temos comprobado que mellora a seguridade da vía e sol-



O microaglomerado é máis duradeiro e evita a gravilla do dobre riego

ta menos gravilla”, sinala Manuel Fernández Munín, concelleiro de Obras. O Concello acometerá en microaglomerado a mellora dos 1.600 m² da praza da Feira de Lestedo, os viarios de Lubián a León, así como os interiores en Milleirós. Tamén se actuará en cinco viarios en Loureda, mellorarase o acceso a Manlle, a pista de A Devesa a Camporrapado, do cruce de Vilalpaz a Lubián e os accesos a Vixión.

O Plan Complementario utilizarase na mellora dos accesos en Castenda, Manlle, Senande, Noente e Zaramacedo, así como para facer unhas cunetas de seguridade en Vilaboa e Xiadás e mellorar un viario en Gastrar. Tamén se ampliará o servizo de saneamento e recollida de pluviais en Casalpegito. Finalmente, arranxaranse 3 pistas en Rubial, pendentes da autorización de Patrimonio pola proximidade do Camiño.

Obradoiro de habilidades sociais para alumnado de 6º de Primaria

Alumnos e alumnas de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto participará durante este mes de marzo no obradoiro de habilidades sociais “Convive”. Unha iniciativa cuxo obxectivo é axudar ao alumnado a crear un bo clima dentro da aula, proporcionando ferramentas para a xestión de conflitos entre iguais e a toma de decisións para solucionarlos, así como traballar a empatía, a asertividade e a autocrítica sobre a información que reciben.

Un taller que será impartido en 4 sesións a través do Servizo de Prevención de Condutas Adictivas dos Concellos de Boqueixón, Teo e Touro, coa colaboración da Consellería de Sanidade.



A casa da cultura de Camporrapado acolle a cuarta casa do maior

O alcalde, Ovidio Rodeiro, e a concelleira de Igualdade e Servizos Sociais, Ángela Conde, visitaron as instalacións da casa do maior “Aloumiños”, a cuarta operativa en Boqueixón. Unha iniciativa das emprendedoras Jessica Moreiro e Jessica Lirio nun local cedido polo Concello. Máis información: 981 513 106.



Visita ás instalacións da Asociación PURAGA en Sergude

O alcalde, Ovidio Rodeiro Tato, e o concelleiro de Economía, José Manuel Iglesias, acompañaron á deputada de Medio Rural, Cristina Capelán, na súa visita ás instalacións da Asociación de Criadores de Cabalo de Pura Raza Galega (PURAGA), que conta con 90 socios e 2.400 exemplares rexistrados.



O Entroido de Sergude vence aos temporais

Aínda que a meteoroloxía quixo ser a protagonista da xornada, as gañas de Entroido da veciñanza impuxéronse a unha chuva intensa durante toda a xornada. Algo que agradeceron especialmente dende a Comisión de Festas de Lamas (Sergude), con mención especial para as persoas que percorreron a parroquia durante a mañá formando parte dos Correos, Xenerais e Comparsas cos seus cantos de taberna e acompañados polo grupo local "Son de Gaita".

A gran carpa instalada no campo da festa volveu encherse un ano máis coa música da Parranda e os Coros do Entroido, que deron paso aos Atranques dos Xenerais da Ulla. Uns atranques moi aplaudidos polos presentes e onde o bo humor estivo presente en todos os temas tratados, dende os problemas que houbo o ano pasado coa comisión de festas ata cuestións municipais, con especiais referencias ao plan de sendas do Concello de Boqueixón.



Boqueixón conmemora o 8M cunha andaina e un curso de defensa feminina

Lestedo acolleu un punto de información da campaña Agresión OFF

O Concello de Boqueixón conmemorará o Mes da Muller cunha programación que inclúe unha nova edición da andaina gratuita "8 M. No Camiño da Igualdade", que terá lugar o propio domingo 8 de marzo. Unha iniciativa organizada polos Concellos de Boqueixón, Vedra e Touro, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e co apoio do Ministerio da Igualdade.

O número de prazas é limitado, con preferencia para persoas empadroadas nos concellos organizadores. A inscrición está aberta ata o 2 de marzo a través deste formulario: <https://forms.gle/BDYVzNQn8HBSyzeT7> ou no 981 513 106. A andaina terá lugar ao longo dunha ruta circular de 15 km de dificultade media, con saída e meta no Concello de Touro.

E o sábado 14 de marzo, de 10:00 a 13:00 horas, o



A Festa da Filloa de Lestedo acolleu un punto de información da campaña "Agresión OFF, eu digo non á violencia sexual"

ximnasio do Forte acollerá un curso gratuito de defensa persoal feminina, para mulleres de máis de 14 anos. Unha iniciativa organizada polo CIM de Boqueixón e impartida pola Escola Judo Club. Inscricións no 981 513 106 ou; <https://forms.gle/DuJECWSaooJMZBDKA>.

Agresión OFF

Por outra banda, a Festa da Filloa de Lestedo acolleu un punto de información sobre a campaña "Agresión Off, eu digo non á violencia sexual". Un espazo seguro de diálogo, aprendizaxe e sensibilización no que rapazada, persoas adultas menores de



35 anos e nais de familia tomaron parte das dinámicas propostas polas monitoras da campaña. Unhas iniciativas que foron ben acollidas, en especial o xogo do Jenga e a actividade *Verdade ou mito*, que favoreceron a participación activa e o pensamento crítico.



Festa de Entroido no programa de Prevención da Dependencia

Os maiores do programa de Prevención da Dependencia de Boqueixón celebraron o Entroido cunha gran festa no local social de Vigo. Os maiores fixeron un desfile de batas, con cadansúa máscara, e diante dun público conformado polos seus familiares e a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde.



O Entroido Activo acolle todas as solicitudes presentadas

Todas as familias de Boqueixón que precisaron do servizo de conciliación Entroido Activo foron atendidas. O Concello acolleu a todos os nenos e nenas que solicitaron praza neste programa lúdico educativo subvencionado con cargo á Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade.



A Filloa de Lestedo bate récords de participación

A 43 Festa da Filloa de Lestedo rexistrou récord de participación e deuse a coñecer en toda España sendo a imaxe do cupón da ONCE do 23 de febreiro. O IX Desfile Intermunicipal de Xenerais da Ulla congregou a máis de 40 participantes e o pregón correu a cargo de Emilio de la Iglesia, quen desexou que “esta festa siga viva moitos anos máis, porque mentres haxa filloas, música e xente coma vós, Lestedo será sempre terra de encontro e de sabor”.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, salientou que “foi a que máis actividades paralelas acolleu en toda a súa historia”, imponéndolle o Mandil de Honra ao presidente da Xunta, Alfonso Rueda. Os outros mandís foron para o conselleiro de Educación, José López Campos; o director da Axencia ONCE en Santiago, José Antonio Riveiro Canosa; e os presidentes da Asociación de Festexos San Bieito de Sergude, José M. Santos; e da Asociación Carrozas do San Cidre, Alejandro Pena.



A Xunta achegará máis de 425.000 € para o Servizo de Axuda no Fogar

Unha achega ata 2028 que suporá un aforro para as arcas municipais

A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou o domicilio de dúas persoas dependentes de Boqueixón para avaliar o impacto que terá o acordo acadado entre a Xunta e a Fegamp para o incremento a achega a este servizo, que permitirá que os concellos poidan mellorar a súa prestación. Un acto no que estivo acompañada polo alcalde, Ovidio Rodeiro e polo director xeral do gabinete técnico da Presidencia, Emilio de la Iglesia.

A conselleira explicou que “se trata dun acordo histórico que suporá un incremento do 50% da achega do Goberno galego” a este servizo que é de competencia municipal. En concreto, explicou que no caso do concello de Boqueixón, o incremento ao longo destes tres anos será de case máis de 425.000 euros, o



A conselleira de Política Social visitou a persoas dependentes de Boqueixón

que lle suporá, recalcou, un importante aforro nas arcas municipais, ao tempo que segue blindando a súa ratio de atención, que se sitúa no 98%, sendo unha das máis elevadas da súa contorna.

Deste xeito, Fabiola García sinalou que “coas cifras na man vemos o beneficioso que será este acordo para os concellos galegos” e que demostra o compro-

miso da Xunta de Galicia coas Administracións locais e, sobre todo, con todos os dependentes galegos. Por iso, insistiu en que “é unha mágoa, que mentres a Xunta avanza en dereitos sociais, o Goberno central siga sen cumprir a Lei” e sen aportar o 50% do financiamento; polo que, lembrou, a débeda con Galicia ascende a 2.900 millóns de euros.

Bono Emancípate e axudas a depuración de augas en vivendas

O Concello organizou o pasado mes de febreiro unha charla informativa sobre as axudas convocadas por Augas de Galicia para mellorar a depuración de augas en vivendas unifamiliares. Unha convocatoria que pode cubrir ata o 100% do investimento, cun máximo de 4.000 euros por vivenda. O prazo de presentación de solicitudes está aberto ata o 16 de marzo.

A maiores, a Xunta lanzou unha nova edición do Bono Emancípate dirixida as persoas mozas traballadoras que adquiren ou aluguen unha vivenda. A axuda, de entre 1.500 e 3.000 euros, busca contribuír a sufragar os gastos derivados da súa emancipación. Prazo de solicitude ata o 30 de abril.

O programa de apoio a persoas coidadoras CoidarNos inicia novo grupo no mes de maio

As persoas interesadas en participar poden dirixirse aos Servizos Sociais: 981 513 106

Es coidadora? Ás veces sentes que ninguén entende o teu esgotamento? Sentes que a túa vida só xira arredor dos coidados? O mesmo te sentes enfadada, perdida ou triste como chea de enerxía e capaz? Con frecuencia sentes que poderías facelo mellor? Botas de menos que alguén che ofrezca o seu apoio nos coidados?

Se te sentes identificada con algunha destas situa-

cións, CoidarNos ten un sitio para ti. Porque o programa de apoio a persoas coidadoras de familiares en situación de dependencia do Concello de Boqueixón vai iniciar un novo grupo de apoio o vindeiro mes de maio.

CoidarNos é un espazo de encontro onde as persoas coidadoras poidan compartir experiencias e expresar os seus sentimentos e emo-

cións. Un lugar onde as persoas coidadoras son as auténticas protagonistas e que permiten xerar uns vínculos que redundan na mellora de súa calidade de vida.

Unha iniciativa que leva en marcha dez anos no noso municipio, coordinada por Ana Anta e Yolanda Neira, traballadora social e psicó-

loga do CIM de Boqueixón, respectivamente; e que ten recibido diversos recoñecementos tanto a nivel autonómico como nacional.

Aquelas persoas que queiran participar ou desexen máis información poden dirixirse ao Departamento de Servizos Sociais e Igualdade: 981 5131 06.





Gran participación na Zumba Class Solidaria

Máis dun cento de persoas déronse cita no pavillón municipal do Forte para participar nunha Zumba Class Solidaria organizada por un

grupo de veciñas dos grupos de zumba e o Concello de Boqueixón. O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradeceu a iniciativa destas veciñas, así

como a colaboración solidaria das persoas participantes, que achegaron alimentos non perecedeiros. Un público de diferentes idades

e que desfrutou coas distintas coreografías preparadas polas monitoras Bego, Angy, Leila, Nuria, Priscilla, Sofía, Ainhoa e Ana.

AXENDA DO MES DE MARZO

Martes
3

Obradoiro "Convive"

CPI Antonio Orza Couto.
Martes 3, 10, 17 e 24.
Obradoiro de habilidades sociais para 6º de Primaria. Servizo de Prevención de Condutas Adictivas dos Concellos de Boqueixón, Teo e Touro, e Consellería de Sanidade.

Domingo
8

Andaina 8M. No Camiño da Igualdade

Touro. De 9:30 a 14:00 horas
Ruta circular organizada polos Concellos de Boqueixón, Vedra e Touro, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e co apoio do Ministerio da Igualdade.

Venres
13

Xornadas "Moverse, decidir e coidarse"

Casa da Cultura. 18:00 horas
Xornadas sobre autonomía e benestar. Organiza: Aloumiños, atención integral de coidados.
Inscripcións: 649 761 924.

Sábado
14

Curso gratuito de defensa persoal feminina

Ximnasio do Forte, de 10 a 13:00 h.
Dirixido a mulleres de máis de 14 anos. Imparte Escola Judo Club.
Inscripcións: 981 513 106.

Sábado
14

20 Encontro Galego Postcrossing

Pico Sacro, ás 15:30 h / AACC
Mestre Manuel Gacio, 17:00 h.
Organiza: AACC Mestre Manuel Gacio.

Venres
20

Rede Cultural

Do 6 ao 20 de marzo (14:00 h).
Prazo de solicitude da Rede Cultural da Deputación da Coruña para actuacións de música, teatro, corais... de agrupacións non profesionais. Convocatoria dirixida a asociacións que teñan como finalidade a promoción da cultura (mínimo 25 socios/as)

Sábado
21

Espectáculo "Sons", de A Tequerreté Teatro

Casa da Cultura. 18:00 horas.
Teatro para público infantil e familiar.

Martes
31

EIM Raíña Lupa

Fin do prazo de solicitude de prazas de novo ingreso e renovacións para o curso 2026/2027.

... e en abril

Mércores
1

IV CODEfest

Codeso.
Orquestra Panorama e Discoteca Pirámide XL con DJ Marcos Kintana. Servizo de pulpeiro a cargo de Piñeiro Pulpeiras. Acceso gratuito.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 106 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com